

Estimados cooperativistas,

Como parte da súa labor de difusión e fomento do cooperativismo, O Consello Galego de Cooperativas estará presente na 13ª edición do **Fórum Gastronómico A Coruña '15** que se celebrará dende o día **15 ó 17 de marzo de 2015** en ExpoCoruña.

Neste espazo de excelencia comercial, o Consello Galego de Cooperativas conta cun stand institucional que porá a disposición dos cooperativistas como axuda a súa posible participación. Dentro do stand, e co fin de promover a calidade natural dos seus produtos, ofreceráselles ás cooperativas os seus propios espazos de protagonismo.

A proposta do Consello Galego de Cooperativas comprende tamén outra actividade orientada a potenciar os produtos do sector cooperativo galego, que se incluírá dentro do programa do Forum e que detallamos a continuación:

- **Taller temático:** trátase dunha sesión de cociña en directo con degustación simultánea dun menú elaborado por un cociñeiro galego de recoñecido prestixio a base de produtos cooperativos. A participación como expositor leva consigo obrigatoriamente a cesión gratuita das mostras necesarias para a elaboración do menú degustación. A finalidade desta actividade e darlle unha maior visualización ós produtos cooperativos e promocionais entre o público especializado asistente. O taller, que terá lugar o **martes 17 de marzo entre as 12.30h e 13.30h.**, estará dirixido por un comentarista gastronómico.

Dende a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social sentirémonos moi honrados de contar coa vosa participación. Para compartir espazo no stand do Consello Galego de Cooperativas está aberto o prazo de inscrición a través do teléfono 606259839 ou do correo [forumgastronomico2015@cooperativasdegalicia.com](mailto:forumgastronomico2015@cooperativasdegalicia.com). Este prazo remata o vindeiro 16 de febreiro de 2015.

Sen outro particular, recíbide un cordial saúdo,



Carmen Bousó Montero  
Directora Xeral de Traballo e Economía Social